

## I Concurso Internacional de Composición Coral organizado pola Asociación Cultural Xogos Tonais da Coruña

### BASES

#### 1.- Participantes

A participación está aberta a calquera persoa, sen límite de idade nin procedencia e non leva custo de inscrición.

#### 2.- Características dos traballos

As obras presentadas serán orixinais e inéditas. Quedan excluídas as harmonizacións e arranxos. Non se admitirán adaptacións ou versións de obras anteriores dos mesmos autores xa estreadas ou editadas.

As obras deberán ser escritas para a súa interpretación *a capella* sobre un texto en lingua galega. Cada compositor/a será responsable do libre uso dos textos utilizados.

As obras estarán compostas para Coro de Cámara de voces mixtas (SATB até máximo de SSAATTBB) e terán unha duración máxima de 4 minutos.

#### 3.- Recepción dos traballos

Os traballos enviaranse por correo electrónico á dirección [ludustonalis.cc@gmail.com](mailto:ludustonalis.cc@gmail.com) en formato .pdf, coas páxinas escritas ou impresas en tinta negra formato A4 e as páxinas numeradas. Tamén indicará a autoría da letra no caso de que non sexa orixinal. As partituras deberán ser lexibles, claras e sen equívocos nin correccións.

No encabezamento de cada obra só figurarán: o título e unha lema (en substitución do nome do autor que non poderá aparecer no documento). Destes ficheiros faranse copias para entregar aos membros do xurado.

Así mesmo, achegarase un arquivo de texto que identifique lema con autoría que quedará custodiado pola asociación. A organización comprométese a gardar confidencialidade sobre as autorías e o xurado non coñecerá o nome do/o autor/a ata que se emita o fallo.

#### 4.- Prazo de entrega

A data límite para a presentación das obras é o 8 de decembro de 2018

## 5.- Premios

Primeiro premio XOGOS TONAIIS á mellor composición dotado con 1200,00 euros

Segundo premio XOGOS TONAIIS á mellor composición dotado con 500,00 euros

O premio estará suxeito á lexislación fiscal vixente, realizándose as retencións legalmente establecidas.

## 5.- Emisión do fallo do Xurado

De todas as obras presentadas, o xurado preseleccionará un máximo de 10 obras que serán interpretadas por un coro de cámara (máx. 25 membros) o Venres 28 de decembro na Coruña. Este concerto será emitido en directo polas redes e, tanto o público presente na sala do concerto como a seguidores vía web polas redes, poderán votar a composición da súa preferencia.

O voto do público suporá o 20 % da puntuación. O 80 % restante da puntuación será emitida polo xurado, que estará constituído por músicos de recoñecido prestixio

Os premios poderán declararse desertos se o xurado cualificador estimase que non se presentou unha obra merecedora dos mesmos.

O Coro de Cámara Ludus Tonalis estará dispoñible para a presentación das obras preseleccionadas no concerto do 28 de decembro. No entanto, no momento do envío da composición, os/os compositores/as poderán indicar a elección doutro coro da súa preferencia facilitando o seu nome e un teléfono de contacto. Os autores das obras informarían previamente ao coro que propoñan desa posibilidade. A organización non se fai cargo de ningún tipo de gasto asociado á elección doutro coro.

O resultado do concurso darase a coñecer durante a celebración da Gala de presentación de obras o 28 de decembro de 2018, e darase difusión do mesmo na páxina web da asociación e nas redes sociais.

Se, unha vez resolto o Concurso, se xustificara que a obra galardoada non reúne as condicións expostas nestas bases, o autor será desposuído do seu premio.

A participación neste Concurso supón a aceptación plena das súas bases cuxa interpretación será competencia exclusiva do xurado.